

AUGA SAÚDE E INFANCIA

**“Reinventando un servizo,
a sostibilidade como eixo
fundamental”**

BASES REGULADORAS

I.- INTRODUCCIÓN

Dende VIAQUA, traballamos para construír unha sociedade mellor e máis xusta, que dea máis oportunidades ás persoas que máis as necesitan. Para iso realizamos distintos Proxectos e Iniciativas Sociais, colaboramos con organizacións sen ánimo de lucro para impulsar iniciativas dirixidas especialmente a persoas que se atopan en situación de vulnerabilidade e cuxo obxectivo é mellorar a súa calidade de vida e fomentar a igualdade de oportunidades.

Esta convocatoria reforza e complementa as liñas de actuación propias no ámbito social que dende a empresa desenvolvemos na cidade de Santiago de Compostela.

II.-OBXECTIVO DA CONVOCATORIA

Esta convocatoria ten como finalidade axudar e desenvolver proxectos dentro das Asociacións que promovan accións e actividades asistenciais, sanitarias, científicas e de lecer destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas dentro do ámbito da saúde, e nos que polo menos **dúas das tres palabras iniciais estean claramente identificadas no proxecto.**

III.- LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS

Desenvolvemento Social de nen@s e mozos que sofren enfermidades.

⇒ Atención ás necesidades básicas.

⇒ Desenvolvemento de actividades que contribúan a importancia de coidar e protexer a saúde e o medioambiente.

IV.-REQUISITOS

As entidades solicitantes deberán reunir os seguintes requisitos:

⇒ Estar constituídas legalmente como entidades sen ánimo de lucro. ⇒ Estar inscritas no correspondente rexistro.

⇒ Estar domiciliadas en territorio español e estar implantadas en Santiago de Compostela.

⇒ Ter unha antigüidade mínima dun ano dende a inscrición no correspondente rexistro, no momento de presentarse á convocatoria.

⇒ Estar ao corrente das súas obrigacións fiscais e laborais.

⇒ Estar ao corrente do cumprimento das súas obrigacións con Viaqua e co Concello de Santiago de Compostela. Para estes efectos, a entidade autorizará a Viaqua a obter do Concello a información relativa ao cumprimento das devanditas obrigacións.

⇒ Que proxecto presentado teña como finalidade e claramente identificadas polo menos dúas das tres temáticas que dan nome ao proxecto (Auga, Saúde e Infancia).

V.-CONSIDERACIÓNS

Cada entidade solicitante só poderá presentar un Proxecto.

⇒ Os proxectos deberán enviarse por mail a dirección electrónica comunicacion@viaqua.gal en formato pdf antes do 26 de febreiro.

⇒ A firma dos convenios realizásenlle a semana do 10 ao 16 de marzo de 2025. ⇒ A achega económica ao proxecto contéplase para os seguintes conceptos:

- Honorarios de profesionais de formación.
- Desprazamentos e transporte das persoas destinatarias.

- Gastos xerados pola xestión do persoal voluntario.
- Cobertura das necesidades básicas das persoas destinatarias.
- Adquisición ou alugueiro de equipos ou material para as actividades.
- Alugueiro de infraestruturas para execución dos obxectivos do proxecto, distintas en todo caso ás propias da entidade.

⇒ Non se poderán solicitar en concepto de axuda:

- Gastos xerados polo mantemento da sede habitual da entidade solicitante (alugueiro, auga, teléfono, electricidade...)
- Gastos xerados pola xestión do proxecto.

⇒ Unha vez presentado o Proxecto pola entidade correspondente, VIAQUA poderá solicitar da entidade unha memoria do mesmo.

⇒ A entidade debe achegar directamente ou a través de terceiros, como mínimo, o 20% do orzamento final do proxecto.

⇒ No caso de que sexa seleccionado, o proxecto deberá desenvolverse durante a vixencia do convenio que se asinará en caso de resolución positiva. ⇒ En calquera caso, non se poderán imputar gastos anteriores á data de resolución da convocatoria nin posteriores á data de finalización do convenio.

⇒ A achega económica de VIAQUA non se poderá destinar a pagar débedas nin a amortizar operacións financeiras de ningún tipo.

VI.-ESTRUTURA DO PROXECTO

A información que se solicita para poder presentar o proxecto estrutúrase nos seguintes apartados:

- ✓ Entidade.
- ✓ Datos xerais.
- ✓ Persoas obxectivo.
- ✓ Actividades e resultados.
- ✓ Avaliación e impacto.
- ✓ Orzamento e xustificación de gastos e ingresos para comprobar a viabilidade do proxecto.
- ✓ Proxecto.
- ✓ Persoa de contacto, e-mail, teléfono.
- ✓ Declaración de utilidade pública por parte do Ministerio ou ben por parte da autoridade autonómica competente.
- ✓ Recomendable pero non obrigatoria, carta da administración local, de apoio explícito ao proxecto presentado.

VII.- CRITERIOS DE VALORACIÓN

Valoración da entidade solicitante:

- ✓ Dispoña da adecuada capacidade económica e técnica para desenvolver o proxecto.
- ✓ Demostre que traballa para a súa sustentabilidade, presente e futura.
- ✓ Teña experiencia na realización de proxectos similares ás actuacións obxecto da convocatoria e demostre que obtivo resultados positivos nos mesmos.
- ✓ Faga pública a memoria económica e de actividades propias da entidade e facilite o seu acceso.
- ✓ Incorpore medidas de rendición de contas e de transparencia.
- ✓ Demostre que conta cunha ampla base social que apoia as súas actividades e que traballa para incrementalas, fomentando a sensibilización e participación social para dar a coñecer a problemática do seu obxecto.
- ✓ Conte con medidas que promovan a sustentabilidade ambiental e o desenvolvemento sostible.

Valoración do proxecto:

- ✓ Favoreza o fortalecemento e a creación de redes de apoio familiar, convivencial e social das persoas destinatarias.
- ✓ Facilite procesos de participación das persoas destinatarias na planificación do seu futuro, toma de decisións, deseño, desenvolvemento, avaliación e dirección de actividades.
- ✓ Defina indicadores de resultados esperados, concretos e cuantificables.
- ✓ Contemple un seguimento e unha avaliación do proxecto nas distintas fases e dimensións que incorpore unha avaliación do seu impacto.
- ✓ Argumente a súa viabilidade social, técnica e económica con criterios de eficiencia.
- ✓ Desenvolva prácticas innovadoras e de transformación social susceptibles de ser reproducidas.

VIII.-DOTACIÓN DE FONDO

Para esta convocatoria VIAQUA dotará un fondo para repartir entre os proxectos seleccionados de ata un máximo total de 10.000€, e que cubrirán como máximo o 80% do orzamento de cada proxecto. O importe máximo a percibir de maneira individual por proxecto non poderá superar os 2.500€.

IX.-RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Un comité técnico formado por persoal de VIAQUA encargarse de estudar e avaliar as solicitudes segundo os requisitos e criterios de valoración indicados nestas bases. A resolución comunicarse ás entidades solicitantes por correo electrónico antes do 10 de marzo.

A resolución poderá ser consultada tamén a partir do mesmo período a través da web www.viaqua.gal e a resolución da convocatoria será inapelable.

X.-FORMALIZACIÓN

VIAQUA e cada unha das entidades con proxectos aprobados subscribirán un convenio de colaboración suxeito á lexislación vixente, que finalizará o 31 de decembro de 2025. O importe da axuda concedida farase efectivo nunha conta vinculada á entidade solicitante previa presentación do certificado de titularidade da mesma.

O abono do importe da axuda concedida realizarase mediante dous pagos: O primeiro, do 70 %, unha vez asinado o convenio de colaboración. Este pago farase efectivo unha vez tramitado o convenio. O segundo pago, correspondente ao 30 % restante, farase efectivo unha vez presentadas e aprobadas a memoria final e a xustificación de gastos do proxecto desenvolvido.

En Santiago de Compostela a 10 de febreiro de 2025